

TOVE JANSSON

A honrada estafadora

Traducido por Marta Dahlgren



Hugin e Munin

Era unha mañá de inverno coma outra calquera, escura. A neve seguía caendo. Non había ningunha xanela iluminada en toda a aldea. Katri cubriu a lámpada para que a luz non espertase o seu irmán. No cuarto ía friaxe. Preparou o café para logo encher un termo que deixou ao pé da cama de Mats. A rentes da porta, o enorme can ollaba para ela co fociño entre as patas, agardando polo sinal para saír.

Había un mes que nevaba sen parar sobre a costa do mar de Botnia. A xente non lembraba tantas nevaradas seguidas: as folerpas a caer sen tregua, a acugularse contra portas e fiestras, e a cubrir, pesadas, os tellados. A farrapada non cesaba, nin unha hora sequera. Os camiños volvían encherse de neve tan pronto como os limpaban. Por mor do frío, non era factible levar a cabo traballos de reparación nin de construción de barcos. A xente erguíase tarde por non haber unha amencida coma tal. Reinaba o silencio nas casas da aldea, cuberta toda ela pola torada intacta, até o momento de saír á rúa a cativada, que furaba túneles e grutas mentres berraba sen paraxe, sen que ninguén se ocupase dela. Os meniños tiñan terminantemente prohibido guindar bólas contra as xanelas de Katri Kling, pero non facían nin caso.

Katri vivía no faiado da casa do tendeiro, por riba do ultramarinos. E con ela, o seu irmán Mats e mais o enorme can sen nome. Katri saía moi cedo co animal para andar pola rúa cara á punta do faro; todas as mañás o mesmo. A xente ía acordando, e comentaba: «Segue a nevar e velaí a temos, co can; leva posta a bufanda de pel de lobo. Raro é que non lle puxese un nome ao can; todos os cans deben ter nome».

Había moitas azueiras con respecto a Katri Kling: para ela nada tiña importancia, agás os números e o seu irmán. De onde lle virían eses ollos amarelos? Os ollos de Mats, en cambio, eran tan azuis coma os da nai, pero ninguén lembraba cal era o aspecto do pai, porque marchara había tempo cara ao norte. Fora mercar un cargamento de madeira e xamais volvera. O home non era natural da parroquia, senón de fóra. É sabido que os ollos da xente adoitan ser azuis, aínda que en distintos graos, e resulta que os de Katri eran case tan amarelos coma os do can. A moza miraba ao seu redor cos ollos apenas entreabertos, polo que a xente non se decatara daquela inusitada cor, máis amarela ca gris. Desconfiaba de todo e de todos, pero podía abrir as pálpebras e, con esas regañas súas, botarlles unha ollada rápida e franca. Se a luz se reflectía nas meniñas, evidenciaba o amarelo, un feito que á xente lle creaba unha forte sensación de inseguridade. Notaba que Katri Kling non confiaba en ninguén e que non lle interesaba ninguén, bardante ela mesma e ese irmán que criara e ao que protexera des que o pícaro tiña seis anos. Iso bastaba para manter a xente lonxe. Ao can sen nome endexámais o viran rabexar. Nin o can nin esa muller, Katri Kling, aceptaban mostras de afecto de ningunha clase.

